

CLÁUSULA DE ADAPTACIÓN DA XORNADA DE TRABALLO POR RAZÓNS DE CONCILIACIÓN

INTRODUCCIÓN

Para facer efectivos os principios de igualdade e corresponsabilidade, é necesaria a adopción de medidas que fomenten a asunción equilibrada de responsabilidades familiares entre mulleres e homes, que garantan e resolvan as necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras e que, á vez, non supoñan unha perda de retribucións, de dereitos de protección social, de mantemento do posto de traballo, nin de oportunidades na promoción profesional.

As empresas poderán acordar cos representantes das persoas traballadoras normas de desenvolvemento respecto da posibilidade individual contemplada no art. 34.8 do Estatuto das persoas traballadoras de adaptación da duración e distribución da xornada de traballo, ordenación do tempo de traballo e forma de prestación dos servizos, incluída a prestación de servizos a distancia.

Estas normas deberán establecerse con criterios de razoabilidade na compatibilización das necesidades das persoas traballadoras e as necesidades organizativas da empresa.

No caso de ausencia dos ditos acordos, as persoas traballadoras poderán solicitar unha adaptación da xornada nos termos recollidos no art. 34.8 e segundo o establecido nos apartados seguintes.

MODELO DE CLÁUSULA

Todas as persoas que presten os seus servizos nas empresas afectadas polo ámbito funcional do presente Convenio, teñen dereito a solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma de prestación, incluída a prestación do seu traballo a distancia, para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

As ditas adaptacións deberán ser razoables e proporcionadas en relación coas necesidades da persoa traballadora e coas necesidades organizativas ou produtivas da empresa.

A persoa traballadora presentará escrito de solicitude á empresa. Esta solicitude deberá realizarse por escrito, con acuse de recibo, e nela deberá recollerse, como mínimo o seguinte contido: Proposta concreta de adaptación horaria, e/ ou forma de prestación de servizos; causas ou razóns que motivan a petición; no caso de poder estimarse, duración temporal prevista.

Acompañando á solicitude a persoa traballadora poderá achegar documentación acreditativa das necesidades alegadas.

Así mesmo, a empresa poderá requirir, no prazo máximo de tres días desde a presentación da solicitude, a documentación precisa en relación coas necesidades expostas, garantindo que os datos son axeitados, pertinentes e limitados en relación cós fins para o que son tratados.

A solicitude terá que ser presentada con XXX¹ días de antelación a data marcada para o seu comezo. A empresa achegará resposta escrita no prazo máximo de XXX días, aceptando esta proposta, agás no caso de que achegue as razóns obxectivas que xustifican a denegación, ou aportando unha proposta alternativa realizada en función

¹ O prazo máximo para a resolución destas solicitudes será de 30 días, contados desde a súa presentación, segundo o recollido no artigo 34.8.

das necesidades expostas. No segundo suposto, a persoa traballadora terá un prazo de XXX días para aceptar ou renunciar.

As discrepancias xurdidas entre ambas partes serán resoltas pola xurisdición competente segundo o procedemento legalmente previsto².

A persoa traballadora terá dereito á volta a súa xornada ou modalidade contractual ordinaria, comunicando a finalización deste dereito con XXX días de antelación e presentando solicitude por escrito coa exposición das causas que a motivan.

² Sen prexuízo dos mecanismos de solución extraxudicial de conflitos individuais aos que se poida acudir

ANEXO I

EXEMPLO DE CLÁUSULA DE CONCILIACIÓN

(extraída do Convenio Colectivo de Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela)

Artigo 32. Dereito á conciliación da vida familiar e laboral

1. A Fundación implementará medidas dirixidas á conciliación da vida persoal, laboral e familiar do persoal, que terá dereito a solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma de prestación, incluída a prestación do seu traballo a distancia, para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida familiar e laboral, de acordo co previsto na normativa laboral que sexa de aplicación. As devanditas adaptacións deberán ser razoables e proporcionadas en relación coas necesidades da persoa traballadora e coas necesidades da Fundación.
2. O persoal con fillas ou fillos menores de 12 anos, ou que teñan ao seu cargo familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten asistencia doutras persoas, terá dereito á flexibilización da xornada de traballo nos termos descritos no parágrafo anterior, sempre que no cómputo semanal resulten cumpridas as horas semanais de traballo aplicables. Para isto deberá presentar unha solicitude por escrito cunha antelación de 15 días na que indique o horario solicitado.
3. Para o exercicio destes dereitos, ante a solicitude de adaptación presentada pola persoa traballadora, abrírase un proceso de negociación nos termos previstos na normativa laboral que sexa de aplicación.
4. Para os efectos do recollido neste capítulo, considéranse familiares a cargo ou persoas dependentes os familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poidan valerse por si mesmos e non desempeñen actividade retribuída.
5. A Fundación poderá dotar un fondo para acción social, destinado a garantir accións de conciliación.

ANEXO II

A efectos informativos, achéganse **MODELOS** de solicitude individual como ferramenta a empregar polas persoas interesadas.

En [LUGAR] a [DIA] de [MES] de [ANO].

[DATOS DA PERSOA TRABALLADORA SOLICITANTE].

Á att. de [DATOS DA PERSOA OU DEPARTAMENTO DESTINATARIO]

[CARGO NA EMPRESA].

[NOME DA EMPRESA].

Estimado/a sr./sra.:

Por medio da presente solicitude solicítolle á empresa a adaptación da duración e distribución da miña xornada de traballo ao amparo da cláusula do Convenio colectivo aplicable e ao vixente art. 34.8 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Entendendo a adaptación da prestación de servizos razoable e proporcionada en relación coas miñas necesidades como persoa traballadora e coas necesidades organizativas ou produtivas da empresa, esta petición efectúase en base ás seguintes causas ou razóns que a motivan:

- [DESCRICIÓN]. (1) Especificar a/s razón/s da solicitude (necesidades de conciliación da vida familiar e laboral) (PODERÁN ACHEGARSE OS DOCUMENTOS QUE SE CONSIDEREN AXEITADOS)

.....

Polo exposto, SOLICITO:

Que se me conceda a posibilidade de realizar a prestación de servizos, suxeita ás seguintes características:

- [DESCRICIÓN]. (2) Explicitar a proposta concreta de adaptación da duración e distribución de xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma da prestación que posibilite as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral da persoa traballadora. Indicar a duración temporal.

- [DESCRICIÓN].

- [DESCRICIÓN].

Solicito que este dereito se faga efectivo a partir do día xx, de xxxx, de xxxx.

Sen outro particular, rogándolle acuse recibo do presente escrito, reciba un cordial saúdo,

[FIRMA]

En [LUGAR] a [DIA] de [MES] de [ANO]. (1)

[DATOS DA PERSOA TRABALLADORA SOLICITANTE].

Á att. de [DATOS DA PERSOA OU DEPARTAMENTO DESTINATARIO]

[CARGO NA EMPRESA].

[NOME DA EMPRESA].

Estimado/a sr./sra.:

Por medio da presente veño solicitar o regreso á miña xornada ou modalidade contractual anterior á adaptación iniciada o [DIA, MES, ANO] / modificación da adaptación solicitada o [DIA, MES, ANO] [SELECCIONAR O QUE CORRESPONDA] ao abeiro do Convenio colectivo aplicable e o vixente art. 34.8 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, unha vez rematado o período acordado / ao ter cambiado as circunstancias que motivaron a devandita petición debido aos seguintes motivos [EXPLICAR] [MARCAR O QUE CORRESPONDA]

Solicito que a reversión / modificación [MARCAR O QUE CORRESPONDA] se faga efectiva a partir do día xx, de xxxx, de xxxx.

Sen outro particular, rogándolle acuse recibo do presente escrito, reciba un cordial saúdo,

[FIRMA]

(1) Realizar a solicitude coa suficiente antelación para o efecto de causar o menor trastorno na planificación do traballo.